



## Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE CERDIDO CON DATA 29 DE ABRIL DE 2024

En Cerdido, sendo as 20:27 horas do día 29 de abril de 2024 reúnense na Casa do Concello, ao obxecto de celebrar a sesión pública ordinaria e en primeira convocatoria.

Preside: D. Alberto Rey Paz

Asisten:

D<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez  
D. Darío Santalla López  
D. Jose Manuel Luaces Piñón  
D. Diego Graña Pérez  
D. Julián Blanco Rodríguez  
D. Brais Prieto Verdial  
D<sup>a</sup> María de los Dolores Pita Anca

Ausencias: D<sup>a</sup> Rocío Martínez Martínez

Secretaria-interventora: María del Carmen Sanmillán Villar

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na ORDE DO DÍA:

1.- Aprobación da acta da sesión plenaria do 29 de febreiro de 2024.

Votos a favor:

D. Alberto Rey Paz  
D<sup>a</sup>. María Amalia Díaz Rodríguez  
D. Darío Santalla López  
D. Jose Manuel Luaces Piñón  
D. Diego Graña Pérez  
D. Julián Blanco Rodríguez  
D. Brais Prieto Verdial  
D<sup>a</sup> María de los Dolores Pita Anca

Votos en contra: ningún

Abstencións: ningunha

2.- Dar conta da liquidación do orzamento de 2023.

O Alcalde pide á Secretaria-interventora que explique a documentación aportada aos concelleiros asistentes. Ésta explica que na liquidación do orzamento extrañense dúas magnitudes obrigatorias por así establecelo a normativa contable e presupuestaria que rixe as entidades locais. A continuación procede á explicación de cómo se obteñen estas magnitudes cos axustes correspondentes e o resultado das mesmas.



## Concello de Cerdido

As Felgas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



O Alcalde agradece as explicacións ofrecidas pola Secretaria-interventora.

A continuación intervén D. Brais Prieto para dicir que se dixo moitas veces que non había cartos de antes, pero si se deixaron 325.000 euros. Que no exercicio de 2022 o remanente de tesourería para gastos xerais era de 454.000 euros e agora está en 64.000 euros, ¿en qué se gastaron eses 325.000 euros?

O Alcalde di que él pode explicar o que se gastou a partir de xuño, ao que D. Brais di que os 325.000 euros incorporados xa estaban de antes. O Alcalde di que os cartos foron gastándose durante todo o ano. D. Brais di que a incorporación foi en setembro cando estaba él.

D<sup>a</sup> Amalia di que eses non son cartos, que os remanentes fan referencia aos créditos, que é algo difícil de entender.

D. Jose Manuel sinala que no caso do alumbrado público non había crédito para atender eses gastos e que tiveron que incorporar de ahí.

O Alcalde sinala que tamén houbo que meter cartos nas partidas de salarios porque non chegaban en novembro, que as previsións foron mal feitas dende principio de ano.

O Alcalde sinala que que non haxa cartos no é unha mala xestión, que o Concello está para xestionar os cartos que hai, non para aforrar 500.000 euros.

D. Brais sinala que lle parecen 64.000 euros moi xustos, por se hai un apuro.

O Alcalde di que lle parecen mellor axustados 64.000 que 500.000.

D. Brais fai referencia a que se vai a cobrar unha subvención do alumbrado, ao que o Alcalde sinala que xa se verá, que levamos tres anos esperando a cobrar pola subvención do IDAE.

D. Brais sinala que non se gastar todo.

O Alcalde pregunta á secretaria-interventora polas regras fiscais ao que a secretaria-interventora explica que estaban suspendidas nos últimos anos pero que xa rixen e son aplicables no exercicio 2024.

3.- Dar conta do borrador de orzamento para 2024.

O Alcalde sinala que se presenta un borrador para o 2024, para que se fagan propostas. Que non é o definitivo e que foi feito tendo en conta os gastos previstos e realizados do 2023, que houbo partidas a cero que se dotaron e outras se incrementaron.

Intervén D. Brais sinalando que lle botaron un ollo e que en febreiro xa reclamaron o orzamento e que o alcalde dixo que en este pleno xa ía a estar o presupuesto, non un borrador. Consideran que chega tarde outra vez.

Alcalde di que non están obrigados nin a traer un borrador.

D. Brais que traer un borrador é mostra de que chega tarde.

O Alcalde di que botaron tres anos sen presupuesto e que non pasou nada.

A continuación D. Brais empeza a plantexar dúbidas no Capítulo 1 e que non hai dúbidas.

No Capítulo 2 chámalles a atención que non hai partida para Viaqua. O Alcalde resposta que ten que haber unha partida para Viaqua, pero que non sabe cal é.

D. Brais no tocante á partida 165 22100 de alumbrado público, sinala que chama a atención que teña a mesma cantidade que o ano pasado cando se fixo un cambio de luminarias, que o cambio se fixo para pagar menos.

O Alcalde sinala que tamén lle chamou a atención.

O Alcalde di que o gasto foi 85.568,15 euros e que cree que despois da obra deberíanse aforrar.

D. Brais di que se incrementa a partida en 30.000 euros.

O Alcalde di que xa o ano pasado estaban as luminarias instaladas e que puxéronse 110.000 e que non se están gastando, se están presupuestando.

D. Brais di que 110 era o que se gastaba antes do cambio de luminarias, que antes do cambio de luminarias o gasto era maior.



## Concello de Cerdido

As Felgas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



O Alcalde sinala que se gastaron 85.000 e que había presupuestado 110.000.

D. Jose Manuel di que os costes enerxéticos son variables e están a subir, que hai que ter en conta iso tamén. Que temos que ter algo de cobertura polas variacións no mercado enerxético. Que en 2022 estivo en 900 megavatios e que hai que ver cómo irá este ano.

O Alcalde sinala que se vai a cambiar a potencia e que iso suporá aforro.

D. Brais pregunta que na partida 165 20300 de mantemento o ano pasado eran 5000 euros, ¿a qué se debe o incremento?

O Alcalde di que a partida fai referencia a gastos de mantemento, instalación de máis luminarias da empresa Proymel.

D. Brais pregunta se eso ten garantía. O Alcalde di que sí, pero hai que miralo.

D. Jose Manuel sinala que a maioría de averías son por caída de árbores e accidentes.

O Alcalde di que se meteron dous postes a maiores e máis luminarias.

O Alcalde di que eso hay que sacalo a concurso.

D. Brais con respecto á aplicación 165 22706 de estudos e traballos técnicos que hai 6000 euros, sinala que se gastaron 5200.

O Alcalde di que son proxectos, memorias de ningunha obra en concreto. Que se puxeron 6000 pero se gastaron 5200.

D. Brais na aplicación da empresa de axuda a domicilio pregunta por qué se incrementa a partida.

O Alcalde resposta porque se incrementou o servizo, que a partida quedara moi baixa, a empresa incrementou o prezo e hai máis demanda.

D. Brais pregunta que de qué é a partida 241 22206. O Alcalde di que é formación de traballadores, vestiario de traballadores, etc.

D. Brais pregunta pola partida 326 2799. O Alcalde di que é para madrugadores e actividades extraescolares.

D. Brais pregunta pola partida 334 22799, pregunta se se van gastar 7500 euros en hinchables. O Alcalde di que son máis cousas, que é carnavales, halloween e toda a actividade en sí, non só hinchables, e tamén 3 meses de madrugadores.

D<sup>a</sup> Dolores con respecto aos madrugadores di que as familias tamén pagan as actividades.

D. Brais pregunta pola partida 342 21200. O Alcalde di que son obras en espazos deportivos: pabellón, campo de fútbol... D. Brais pregunta se se vai facer algunha obra en concreto, se hai algún presupuesto solicitado ou se vai pedir algunha subvención.

O Alcalde di que as subvencións van por outro lado.

D. Brais pregunta pola partida 341 22799 de socorrismo que ten 10.400 euros. Comenta que se concedeu unha subvención, que por qué hai tantos cartos ahí.

O Alcalde comenta que se pretende continuar coa piscina aberta despois do verán, por eso se incrementa esa partida.

D. Brais pregunta pola partida 342 22601 que ten 1500 euros. O Alcalde di que poden ser trofeos, non sabe concretamente en qué se gastou.

D. Brais pregunta pola partida 432 de Cabaneiro, pregunta de qué é. O Alcalde di por se hai que desbrozar polos arredores, que está moi mal a casa de estar cerrada, que ten moita humidade por dentro.

M<sup>a</sup> Dolores pregunta cal é o obxectivo da reforma. O Alcalde di que é para poñela a funcionar. Se ninguén a pon a funcionar nin nós nin unha empresa privada acabarase vendendo. Pero que primeiro, poñela a funcionar.

D. Brais di que na 912 os 8000 euros serán de asistencia a plenos, pero pregunta de qué son os outros 500 e 1000. O Alcalde di que pode ser kilometraxe. D. Brais pregunta de quen, e o Alcalde resposta que de quen os faga.



## Concello de Cerdido

As Felgas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



- D. Diego di que os das da axuda a domicilio non van ahí.
- D. Brais pregunta ao Alcalde se pasa os kilómetros que fai e o Alcalde pregunta se ir a Coruña ou Ferrol é parte do salario e que o anterior Alcalde collía o coche todo o día e que él non se metía neso.
- D<sup>a</sup> Dolores di que nunca viu un clube que tivera unha furgoneta do concello.
- D. Diego di que a furgoneta está a disposición de calquer Asociación.
- D. Julián di que a furgoneta non é para aparacar diante do bar. D. Diego di que se utiliza cando se vai pola roupa, que a furgoneta está a disposición de calquer asociación. Valorouse iso e estivemos de acordo.
- D<sup>a</sup> Dolores di que a furgoneta está os domingos diante do bar.
- D. Brais di que é unha furgoneta de traballo, que se se deixa a un que se deixa a todos.
- D<sup>a</sup> Dolores di que chamou a atención dos veciños que a furgoneta está aparcada os domingos diante do bar.
- D. Brais di que eso non se fixo nunca, que está para o uso dos traballadores, non para uso das asociacións.
- D. Brais no tocante á aplicación 920 22602 di que se puxeron 10500 euros en propaganda e publicidade. O Alcalde di que se gastaron 6500 euros e que son gastos de publicación de eventos.
- D. Brais pregunta en qué se van a gastar os outros 4000 euros. O Alcalde resposta que non sabe.
- D. Brais di que un borrador debe ter unha memoria e que non sabe de qué son as partidas, e o Alcalde di que non pode saber de qué cada punto, que tamén o pode solicitar por escrito ou a través do Valedor do Pobo.
- D. Brais pregunta pola partida 920 22604 de 2000 euros. O Alcalde di que por qué non pregunta por qué se gastaron 6500 euros o ano pasado, que son para servizos xurídicos. Que se baixou porque na anterior lexislatura se gastaron cartos en xuícios evitables porque temos os servizos xurídicos da Deputación.
- O Alcalde di que se contratou o mellor avogado da Coruña.
- D. Brais pregunta pola partida 920 22702 de peritaxes, se ten algo que ver coa compra de terreos que se recolle nas inversións. O Alcalde di que sí, que hai que peritar o terreo antes de compralo.
- D. Brais pregunta polos 6000 euros de servizos de recadación. O Alcalde di que son impostos, taxas de augas de Galicia, de patrimonio, da Xunta cando se fan obras.
- D. Brais pregunta pola partida 932 22502 de tributos das entidades locais. O Alcalde di que non sabe.
- D. Brais pregunta pola aplicación 1522 21200 de vivendas O Alcalde di que son as vivendas de Os Casás que xa se pintou, que debe ser a obra do tellado cando houbo a gotera.
- D. Brais pregunta pola aplicación 1621 21300 que ten 5000 euros, se se prevé algo de mantemento. O Alcalde di que se gastaron 4000 euros e presupuestáronse 5000, que é o mantemento do camiión de basura.
- D. Brais pregunta pola partida 1621 22700 de limpeza de contenedores. O Alcalde di que se meteu por se toca limpeza.
- D. pregunta pola partida 1720 21300 de 15000 euros. O Alcalde di que é do tractor de mantemento, que o outro é o camiión do lixo, este é o tractor.
- D. Brais pregunta pola partida 1720 22709 contra incendios. O Alcalde di que é o desbroce. D. Brais di se non vai ser subvencionado. D. Jose Manuel di que a subvención non está concedida por eso se meteu, que antes non se rozaba porque ía rozar o Alcalde, pero este ano non.
- D. Brais pregunta polo Capítulo 4 de Asociacións. Di que entende que o primeiro punto é por se hai algunha emerxencia social. E o seguinte punto tamén. Pregunta polo 326. O Alcalde di que é promoción cultural, que será a rede cultural.



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



- D. Brais pregunta polas subvencións, cómo van quedar. O Alcalde di que como estaban o ano pasado e que hai unha a maiores.
- D. Brais pregunta se a 432 é a do Xeoparque. O Alcalde di que sí.
- D. pregunta pola 920 de administración xeral, outras entidades que agrupan municipios. O Alcalde pregunta de qué eso á secretaria-interventora. Ésta resposta que a FEMP e a FEGAMP.
- D. Brais pregunta qué asociación nova hai. O Alcalde di que Porto do Cabo cunha cantidade de 200 euros.
- D. Brais pregunta polo capítulo 6 de gastos de inversión. Pregunta por qué non vai o POS completo. O Alcalde di que se meteu únicamente o complementario e pregunta á secretaria-interventora que resposta que os POS que xa están concedida a subvención non están metidos ahí.
- D. Brais pregunta polas obras da piscina, que preguntou no anterior pleno e que neste orzamento non vai metida esa obra.
- D. Jose Manuel di que é porque está concedida unha subvención.
- D. Brais dixo que se lle dixo que non se podía iniciar a obra ata que houberse presuposto. O Alcalde di que é algo técnico e lle pregunta á secretaria-interventora que da a explicación oportuna relacionada co traspaso de remanentes de crédito dun exercicio a outro. O Alcalde di que é posible que él dixera outra cousa.
- D. Brais pregunta pola substitución do mobiliario urbano. O Alcalde di que son bancos, papeleiras, mesas...
- D. Brais pregunta pola adquisición do terreo. O Alcalde di que o propietario quere vender esa parcela que é o terreo da feira.
- D. Brais pregunta polo Capítulo 7 que entende que é A Fusquenlla. O Alcalde di que sí.

#### 4.- Relación de decretos de Alcaldía.

- D. Brais pregunta polo decreto 48 relativo a infraestruturas turísticas. O Alcalde di que é unha subvención para poñer un panel informativo, sacar o que hai e poñer outro.
- D. pregunta polos decretos 55 e 56. O Alcalde di que son transferencias de crédito entre partidas, incrementos de remanente da casa da cultura, pos, animadoras...
- D. Brais pregunta polo decreto 66 da obra da casa da cultura, e cando se vai iniciar o proxecto. O Alcalde di que hai que licitala e sacar a concurso, que en 2 meses poderá estar.
- D. Jose Manuel di que a execución está prevista en 2027, que encontrar unha empresa que faga isto vai ser complicado.
- D. Brais pregunta polo decreto 71 de anticipo prepagable por xustificación insuficiente. O Alcalde di que en 2022 se pideu unha subvención de servizos sociais e non se xustificou todo o que correspondía e que houbo que devolver 3 mil e pico euros da subvención.

#### 5.- Rogos e preguntas.

- D. Brais expón que quere dar conta dos 10 meses de goberno municipal e da situación: fai un ano se publicou unha foto de que o goberno municipal socialista estaba en decadencia: biblioteca pechada e sigue pechada, piscina pechada e sigue pechada, aula de informática pechada e sigue pechada, sala de exposicións pechada da casa da cultura.
- D<sup>a</sup> Amalia di que a sala de exposicións vai abrirse para Recrearte.
- D. Brais di que se fixeron cursos e actividades pero que en 29 de agosto de 2023 se anunciou que ían començar coa instalación da deshumectadora e que se poría en funcionamento o servizo a principios de ano do 2024.



## Concello de Cerdido

As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
981 41 10 00  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



- D. Brais con respecto á transparencia di que o 18 de agosto de 2023 fíxose pública o estado de contas que segundo o Alcalde é un exercicio de transparencia. Pero él tivo que levar ao valedor do pobo. O Alcalde di que él nunca dixo iso que eles nunca publicaron ningún estado de contas.
- D. Brais di que está compartido no Facebook do Concello.
- O Alcalde di que a obra da biblioteca e aula de informática non é nosa e que non está en estado para abrir, se viches a biblioteca cómo está, hai que vela e ver se se pode abrir. O mesmo a aula de informática.
- D. Brais di que antes cando vos queixábadas era o mesmo.
- O Alcalde di que está todo abandonado e que o programa é para catro anos.
- D<sup>a</sup> Amalia di que se prevé unha obra para mellorar eso e que teñen exposicións todos os meses e gratis. Que a cultura é gratis pero poucopreciada.
- O Alcalde di que o de ir ao Valedor do Pobo non fai falta peticións por escrito, que él podía solícialo antes de ir ao Valedor.
- D. Brais di que él fixo unha solicitude que non ter que vir a pedilo.
- O Alcalde di que a partir de agora vai ir todo polos trámites.
- D. Brais pregunta se nos plenos hai que dar conta do PMP. O Alcalde di que non está seguro que igual non o consideran. D. Brais di que é moi democrático.
- D. Brais di que está caendo o muro do campo do fútbol. O Alcalde di que hai tres operarios, que mentres non entren os do PEL e APROL é o que hai. Que se fora algo importante de seguridade habería que facelo pero non lle parece que sexa así.
- D. Brais di que preguntou no anterior pleno sobre unha cuneta na casa vella. A resposta foi que non estaba prevista ningunha cuneta e que nadie se queixou. Él fixo unha búsqueda e hai 5 que se fixeron. O Alcalde di que se fixeron en Agreste, Calmourel, Penso..
- D. Brais di que o tubo quedou mal e cuneta está tupida.
- D. Jose Manuel di que o tubo está como estaba, non se lle tocou máis.
- O Alcalde di que se fas a cuneta e non fas o tubo a cuneta non corre.
- D. Brais pregunta por qué en Agreste sí en en Casa Vella non.
- D. Jose Manuel di que é un tubo que hai que limpar. Que di Agreste porque él é de alí.
- D. Brais di que en Agreste hai 5 entradas con tubo e con todo e que no resto están esperando polos medios do concello.
- O Alcalde di que é desatascalo nada máis.
- D. Jose Manuel di que é porque él é de alí e que non entende o seu plantexamento.
- O Alcalde di que o único que se fixo a maiores foi canalizar a auga que lle entraba a casa da esquina, que se lle estropearon os electrodomésticos a última vez.
- D. Brais di que en Casaldegonce tamén hai problemas coa auga. O Alcalde di que está ben que o traia a todos os plenos, que mañá pode que o limpemos.
- D. Brais pregunta polas persoas desempregadas no rural galego, se se pediu o APROL. O Alcalde di que sí se solicitou.
- D. Julián pregunta se cando hai obras alguén do concello vai revisar o estado das mesmas. Pregunta se foron revisar o estado das últimas pistas que se asfaltaron: Barbas, Barrosa... e se está conforme co resultado.
- D. Jose Manuel di que algunhas están certificadas.
- D. Julián di que á empresa se lle pode esixir máis e mellorar o tema dos sumidoiros.
- O Alcalde di que pasaron o domingo pola mañá por todas esas pistas. D. Julián di que se lle pida á empresa que o resultado sexa máis acorde co seu.
- O Alcalde di que faláron pola do río Pontellas que volve a ter dous baches e a de Casa Vella tamén quedou con desperfectos que xa reclamaron.





## Concello de Cerdido

As Felgosas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
**981 41 10 00**  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



- D<sup>a</sup> Dolores di que na pista dos Casás á altura da parada do bus se lle comentaron algo. O Alcalde di que sí.
- D. Julián pregunta polo Xeo Parque. O Alcalde di que se vai a sacar a plaza de xerente e de director científico. Van a sacar as bases coma si fora persoal dos Concellos e que esa é a novidade máis destacable.
- D. Julián pregunta se se solicitou algunha bonificación a Sogama, que era unha antiga reivindicación. O Alcalde di que non.
- D<sup>a</sup> Dolores pregunta por qué o concello non pode seguir garantindo o servizo de madrugadores. O Alcalde resposta que porque o último mes había 3 en madrugadores que así non se pode manter un servizo. Somentes o utilizan dúas familias, que empezaron sete pero despois pararon de ir. Que o concello ía seguir prestando o servizo.
- D. Brais que un servizo do concello non ten que ser viable. O Alcalde di que hai que pedir un mínimo para prestar o servizo.
- D<sup>a</sup> Dolores pregunta canto lle costa ao Concello. O Alcalde di que xa o trouxo ao Pleno, que non se lembra.
- D. Brais pregunta se son tantos cartos coma para que non se poida prestar o servizo, que un servizo público non ten que ser viable. O Alcalde di que en setembro volverá a sacarse se hai suficientes nenos pero que para dúas familias non é viable.
- D. Brais di que para inchables sí hai cartos.
- D<sup>a</sup> Dolores pregunta pola limpeza dos contedores e o Alcalde di que por agora non está previsto.
- D<sup>a</sup> Dolores pregunta se no proxecto do aparcamento de Os Casás non hai previsto equipamento. O Alcalde di que vaise meter algo, pero non proxecto non hai nada. D. Jose Manuel di que se vai meter sobre todo polos coches para non choquen co cruceiro, pero que patrimonio tampouco deixa facer calquer cousa.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión sendo as 22:05 horas, do que eu coma Secretaria-interventora dou fe.

Asinado: A Secretaria-interventora

M<sup>a</sup> del Carmen Sanmillán Villar